



**ACTA DO FALLO DO XURADO DO PREMIO Á MELLOR COMUNICACIÓN SOBRE
APLICACIÓN EN ECOLOXÍA OU CIENCIAS DO MEDIO AMBIENTE, PRESENTADA POR UN
INVESTIGADOR/A NOVO/A NO II ENCONTRO GALAICO-PORTUGUÉS DE BIOMETRÍA.**

Cando son as 11:30 horas do día 1 de xullo de 2016, reúnese o xurado do premio á “Mellor comunicación sobre aplicación en Ecoloxía ou Ciencias do Medio Ambiente, presentada por un investigador/a novo/a no II encontro galaico-portugués de biometría”, formado polos seguintes membros:

Presidenta:

Rosa Crujeiras Casais. Universidade de Santiago de Compostela.

Vogais:

Ricardo Cao Abad. Universidade da Coruña.

Carlos Daniel Paulino. Universidade de Lisboa.

Javier Roca Pardiñas. Universidade de Vigo.

Antónia Turkman. Universidade de Lisboa.

A presidenta informa de que se presentaron 8 traballos candidatos ao premio, e que en base ás valoracións feitas polos membros do xurado, foron seleccionados como candidatas as 6 seguintes comunicacións:

MULTIVARIATE NEIGHBORHOOD PENALTIES FOR ANALYZING MUSSEL ABUNDANCE AT THE GALICIAN COAST.

Candidato: Hauke Thade. Georg-August University Goettingen.

MODELLING INTRA- AND INTER-DAY VARIABILITY OF NO₂ CONCENTRATIONS IN PORTUGAL

Candidata: Andreia Monteiro. University of Minho

ESTIMATING BLAINVILLE'S BEAKED WHALES ABUNDANCE OVER TIME: IMPROVING DIVE COUNTING METHODS.

Candidata: Patrícia A. Jorge. Universidade de Lisboa, Portugal.

CAPTANDO A ORIXE DOS PATRÓNS DE DISTRIBUCIÓN DE ABUNDANCIA DE ESPECIES DO PLANCTO MICROBIANO: UNHA ANÁLISE DA DISPERSIÓN E A OCUPACIÓN DE NICHOS.


Candidato: Miguel Blanco Vázquez. Universidade de Vigo.

UN TEST NO PARAMETRICO PARA COMPARAR EL PATRON ESPACIAL DE LOS INCENDIOS FORESTALES REGISTRADOS EN GALICIA

Candidata: Isabel Fuentes-Santos. Instituto de Investigaciones Marinas - Consejo Superior de Investigaciones Científicas.

POLÍTICAS DE PESCA SUSTENTÁVEIS ÓTIMAS COM ESFORÇO CONSTANTE VERSUS POLÍTICAS DE PESCA ÓTIMAS COM ESFORÇO VARIÁVEL: COMPARAÇÃO E APLICAÇÃO EM AMBIENTE ALEATÓRIO COM O MODELO DE GOMPertz.

Candidato: Nuno M. Brites. Universidade de Évora.



Tal e como consta nas bases, o xurado ten en conta tanto o resumo enviado ao congreso como a presentación realizada polos candidatos, na sesión especial para as contribucións candidatas celebrada o 1 de xullo de 9:00 a 10:30 horas. Cada contribución contou con 15 minutos para a presentación (aproximadamente 12 minutos para exposición e 3 para preguntas).

O xurado quere destacar a calidade dos traballos presentados, tanto na súa parte escrita como na exposición realizada polos candidatos. O xurado agradece ademais a todos os participantes as súas contribucións, dun alto nivel científico, o que fixo que non fora sinxelo tomar unha decisión ao respecto do traballo gañador.

Despois das oportunas deliberacións, o xurado acorda conceder dúas mencións de honra e un premio á mellor comunicación.

Mención de honra:

MODELLING INTRA- AND INTER-DAY VARIABILITY OF NO₂ CONCENTRATIONS IN PORTUGAL
Andreia Monteiro

Mención de honra:

MULTIVARIATE NEIGHBORHOOD PENALTIES FOR ANALYZING MUSSEL ABUNDANCE AT THE
GALICIAN COAST.
Hauke Thade

Premio á mellor comunicación sobre aplicacións en Ecoloxía ou Medio Ambiente ao traballo titulado:

UN TEST NO PARAMETRICO PARA COMPARAR EL PATRON ESPACIAL DE LOS INCENDIOS
FORESTALES REGISTRADOS EN GALICIA

presentado por

Isabel Fuentes Santos

Levántase a sesión de deliberación cando son as 12:30 horas.

E para que así conste aos efectos oportunos, asino a presente acta como presidenta do xurado.

Rosa M. Crujeiras Casais